

**COMUNICADO Nº 290/23  
7 DE NOVIEMBRE DE 2023**

**A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO ORGANIZA UN CURSO DE  
COMISARIOS TÉCNICOS EN POIO, PONTEVEDRA**

A Federación Galega de Automobilismo continúa co seu programa de formación de cara a mellorar a capacitación e profesionalización dos federados coa celebración dun curso de comisarios técnicos o próximo sábado 25 de novembro.

Novamente e dende a FGA continúa a procura dunha mellora en todos os aspectos das probas galegas e agora chega o turno para os comisarios técnicos, unha parte fundamental dentro das competicións, nas que a seguridade é primordial. Este curso, que contará cunha parte teórica e outra práctica terá lugar na localidade pontevedresa de Poio e coma en anteriores cursos o prezo será de 50 euros por persoa (documentación e comida incluídos).

O curso dará comezo as 09:00 horas coa entrega das acreditacións e o material para a realización do curso que será na Casa da Comunidade de Montes, na Praza da Reiboa, ao carón do campo de fútbol sa Seca.

Para inscribirse neste curso será preciso encher o formulario e facer o pago na conta (<https://forms.gle/FneVq1Lz8m9VatBv6>) co concepto curso deportivos antes do día 22 de novembro as 23:59 horas na páxina web da Federación Galega de Automobilismo e neste comunicado. Non é preciso ter licenza en vigor para inscribirse neste curso.